



5, 11, 12 e 13 de novembro de 2016

Gastroutono en Monterroso

A CAZA DA CASTAÑA

Bases Concurso Cociña (profesional)

O Concello de Monterroso, co asesoramento e asistencia técnica da Asociación Galega de Xornalistas e Escritores de Turismo (AGAXET) e a Academia Galega de Gastronomía en Lugo, convoca, no marco da iniciativa compartida Gastrouno en Monterroso: a Caza da Castaña, o Primeiro concurso de Cociña da Castaña na Hostalería local.

Desenvolverase e será fallado conforme as seguintes BASES:

1. PARTICIPANTES. Poderán participar no concurso todos os establecementos hostaleiros do concello, con actividades de cociña (quente ou fría) autorizadas. A convocatoria diríxese especialmente a hoteis, restaurantes, bares, mesóns e tabernas e demais locais profesionais, pero o xurado de admisión considerará ademais a participación de aqueles profesionais que, acreditando un vencello directo no municipio, e súa condición de profesional da cociña, solicite a participación no concurso.

2. CONVOCATORIA E PROCEDEMENTO. O concurso será fallado o sábado 12 de novembro de 2016. A receita proposta polo concursante, deberá estar preparada á hora que previamente se conveña coa organización unha vez admitida a concurso. Normas comúns son:

2.1. Libre. A castaña ha ser protagonista principal (non necesariamente único) da receita, concebida esta en calquera dos estilos (tradicional, anovador, avangardista...), elaborada conforme a métodos tradicionais, clásicos, creativos, tecnolóxicos.., considerada doce ou salgada e asimilable a calquera dos estadios dunha refección: pinchos/snaks, entrantes, primeiros/segundos, sobremesas. Totalmente libre.

2.2. O concursante deberá presentar o prato nunha fonte, prato grande ou similar, aportando un mínimo de tres racións, que estarán ao mesmo tempo a disposición da degustación do xurado.

2.3. A Organización aportará as castañas suficientes para a elaboración da receita, en cantidade dobre da declarada necesaria na receita.

2.4. O concursante deberá comunicar a Organización o horario no que procederá a elaboración da receita, na posibilidade de que un membro da Organización poida comprobar o proceso de elaboración.

3. MATERIAIS E INGREDIENTES. O concursante aportará 48 horas antes da data do fallo, unha sucinta descrición da receita. Bastará coa definición do prato, o seu estilo e pasos principais, así como os ingredientes básicos.



5, 11, 12 e 13 de novembro de 2016

Gastroutono en Monterroso

A CAZA DA CASTAÑA

4. INSCRICIÓN. Para participar no concurso non se precisará máis que dirixir un correo electrónico ao seguinte e-mail espazo.lorenzo.varela@gmail.com, indicando INSCRICIÓN NO CONCURSO DE COCIÑA A CAZA DA CASTAÑA:

- a) nome do establecemento
- b) nome do cociñeiro/a
- c) nome provisional ou definitivo do prato (e a receita, se xa tivera decidida)
- d) Convenientemente: indicar horario preferido para ter rematado o prato o sábado 14, e poder ser avaliado polo xurado "in situ".

5. O XURADO estará presidido polos respectivos representantes da AGAXET e a AGG, e conformado por xornalistas, cociñeiros e gastronomos e expertos no produto de recoñecido prestixio. Visitará, no momento en que se acorde con cada concursante, e na media das posibilidades organizativas, cada cociña para efectuar a avaliación.

Se o número de concursante fose elevado, e tivera que dividirse o xurado, establecerase un sistema de semifinal para unha avaliación final posterior. Ou de selección previa.

Para a avaliación terase en conta, principalmente, o protagonismo e relevancia da castaña, a incardinación con outros produtos da despensa zonal e nomeadamente do outono.

6. PREMIOS. O Xurado decidirá o número de premios e a súa clasificación ordinal, á vista da experiencia. O gañador ou gañadores do concurso recibirán un **Diploma** de acreditación do galardón conseguido, un **lote produtos Alibós** e unha estancia de dous días nun restaurante de prestixio. O gabinete de prensa do concurso porase gratuitamente a disposición para **divulgar** entre os medios de comunicación galegos e as redes sociais, **gráfica e literariamente, o galardón** conseguido, e a revista especializada HOSTALERIA GALEGA&TURISMO (**HG&T**) garantiza a publicación reportaxeada da receita premiada e o seu autor.

6. A decisión do Xurado é inapelable, e a Organización resérvase os dereitos para decidir sobre calquera interpretación ou incidencia que puidera presentarse.

Monterroso, 7 de outubro de 2016

O CONCELLO DE MONTERROSO A A.G.G. A AGAXET